

Segundo.-Esta escola queda sometida ao réxime de escolas de música e danza, segundo o establecido na Orde do 11 de marzo de 1993, *Diario Oficial de Galicia* do 22 de abril, e aos servizos de inspección correspondentes.

Terceiro.-A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de profesorado que imparta docencia na escola de música.

Cuarto.-O centro deberá solicitar a oportuna revisión da inscrición cando teña que modificarse calquera dos datos sinalados no anexo desta orde.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### *ANEXO*

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vilanova de Arousa.

Localidade: Vilanova de Arousa.

Enderezo: O Esteiro, s/n.

Código do centro: 36024719.

Titular: *Asociación Pro-Escola de Música* do concello de Vilanova de Arousa.

Denominación: Escola de Música de Vilanova de Arousa.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 26 de abril de 2007 pola que se convoca para o ano 2007 a concesión das axudas do programa á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.*

Por orde da Consellería de Traballo do 25 de setembro de 2006 (DOG nº 190, do 2 de outubro), apróbanse as bases reguladoras do programa de axudas á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, cun período de vixencia para os anos 2006 e 2007.

A iniciativa EQUAL enmárcase dentro da Estratexia Europea polo Emprego, así como dentro da estratexia integrada a escala comunitaria de loita contra a discriminación e a exclusión social. Ten como misión a de contribuír ao desenvolvemento do emprego impulsando a empregabilidade, o espírito de empresa, a adaptabilidade, a igualdade de oportunidades e o investimento en recursos humanos.

A Consellería de Traballo, segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é competente no desenvolvemento das políticas activas de emprego en Galicia, e seguindo os principios de complementariedade e transferencia ás políticas xerais daquelas actividades desenvolvidas e validadas dentro do proxecto Equal Compostela Social participa, a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como órgano executor de parte das actuacións desenvolvidas no marco do proxecto Equal Compostela Social.

O Proxecto Equal Compostela Social ten por obxecto promover o espírito de empresa e a creación de empresas nos concellos participantes, como medio para a incorporación sociolaboral das persoas con máis dificultades de inserción no mercado de traballo.

Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco da Iniciativa Comunitaria Equal II, cunha taxa de cofinanciamento do 75%. O orzamento total do proxecto é de 1.329.755,64 euros, sendo a achega do FSE de 997.316,76 euros, e a achega das entidades asociadas de 332.438,92 euros.

Neste marco, procede a convocatoria para o ano 2007 da concesión das axudas do programa á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo conforme as bases reguladoras do programa aprobadas pola orde da Consellería de Traballo do 25 de setembro de 2006, (DOG nº 190, do 2 de outubro).

Por todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo co informe do Comité de Dirección da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social, na súa xuntanza do 22 de febreiro de 2007, e de conformidade coas atribucións que me

confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 2/2007 do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e normativa reguladora.

1. Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2007 o programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxecto da iniciativa comunitaria EQUAL Compostela Social, Obradoiros de Empresarios e Empresarias para a Inserción Sociolaboral, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao fomento do autoemprego mediante a creación de novas empresas ou iniciando unha actividade como traballadores/as autónomos/as, cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola orde da Consellería de Traballo do 25 de setembro de 2006, (DOG nº 190, do 2 de outubro).

2. As solicitudes, tramitación e concesión das axudas axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na normativa comunitaria relativa aos Fondos Estruturais, ao Programa español da Iniciativa Comunitaria EQUAL e o seu complemento de programa; as bases reguladoras do programa aprobadas pola orde da Consellería de Traballo do 25 de setembro de 2006, e nesta orde.

Artigo 2º.-Persoas e entidades beneficiarias.

1. Poderán beneficiarse das axudas previstas neste programa as empresas de nova creación, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, ou as traballadoras e traballadores autónomos que se constitúan e inicien a súa actividade no marco do Proxecto Equal Compostela Social, sempre que cumpran as condicións e requisitos establecidas nas bases reguladoras do programa e nesta orde.

2. Non poderán obter a condición de persoas e entidades beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas ou entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Axudas.

Coa finalidade de apoiar parcialmente o financiamento do inicio da actividade empresarial poderán concederse axudas cunha contía máxima de 4.800 euros, por proxecto empresarial, con independencia do número de persoas e entidades beneficiarias que a compoñan.

A contía da axuda poderá acadar o 100 % dos gastos subvencionables.

Artigo 4º.-Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados durante os catro primeiros meses da actividade, nos seguintes conceptos, excluídos impostos:

-Existencias iniciais de mercadorías: adquisición de primeiras compras de mercadorías, materias primas e outros consumibles de produción.

-Gastos de arrendamentos: locais e/ou equipos.

-Primas de seguros.

-Abastecementos e gastos correntes.

-Gastos de formalización e constitución da sociedade, se é o caso.

2. Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser utilizado con outros fins. O investimento en activo fixo e as axudas directas á contratación de persoal traballador quedan exceptuadas desta axuda.

3. Serán subvencionables os gastos realizados dende o 4 de novembro do ano 2006 e no ano 2007, sempre que sexan xustificadas, mediante documentos acreditativos da realización dos gastos obxecto da subvención e do seu efectivo pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión e, en todo caso, ata o 31 de agosto de 2007.

Artigo 5º.-Financiamento.

O financiamento destas axudas levarase a cabo con cargo á actuación 1.5 do Programa Equal Compostela Social, polo que, a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito adecuado e suficiente na dita actuación. No exercicio 2007 as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.322C.470.4, código proxecto 2007 00 677, cun crédito de 56.000 euros recollidos na Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da incorporación dos remanentes do exercicio anterior, así como da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa, coas limitacións que establezan as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes, forma e prazo.

1. As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo normalizado que figura como anexo I desta orde, dispoñible nas oficinas do Programa Equal Compostela Social, e na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo.

2. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao director xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, e presentaranse nos rexistros

xerais dos concellos participantes no Proxecto Equal Compostela Social, ou na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes, que comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Para a presentación das solicitudes de axudas as persoas e entidades beneficiarias contarán co asesoramento e apoio do persoal técnico do Proxecto Equal Compostela Social, que tamén prestará o apoio necesario para a presentación de solicitudes doutros programas de axudas e subvencións á creación de emprego convocados pola Consellería de Traballo que sexan compatibles.

5. A presentación da solicitude de subvención pola persoa ou entidade interesada comportará a autorización de quen solicita para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberada a persoa ou entidade solicitante de achegar a correspondente certificación, segundo o establecido no artigo 43 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 (DOG nº 249, do 29 de decembro).

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa ou entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con

expresión do beneficiario ou a beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

#### Artigo 7º.-Documentación.

As solicitudes deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

a) No caso de persoas xurídicas, documento de identidade e poder suficiente para actuar en nome da sociedade da persoa representante que asine a solicitude.

b) Documento de identidade e acreditación do NIF, se quen solicita é empresaria ou empresario individual, ou CIF, cando se trate de persoas xurídicas.

c) No caso de sociedades, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no rexistro de cooperativas.

d) Alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda ou, se é o caso, compromiso de alta no período que se estableza na resolución de concesión.

e) Memoria xustificativa do proxecto empresarial e estudo de viabilidade a tres anos, no modelo normalizado que figura como o anexo III, ou plan de empresa que recolla, cando menos, a mesma información. A memoria ou plan de empresa deberá recoller as circunstancias que concorran no proxecto que permitan aplicar os criterios de valoración que servirán de fundamento para a concesión da axuda.

f) Documentos xustificativos da realización dos gastos polos que se solicita a subvención e do seu efectivo pagamento ou, no seu defecto facturas pro forma ou orzamento dos gastos subvencionables que se vaian ter en conta para a concesión da axuda.

g) Documento de identidade do empresario ou empresaria e dos traballadores e traballadoras.

h) Alta no correspondente réxime da Seguridade Social da empresaria ou empresario e dos traballadores e traballadoras ou, se é o caso, compromiso para a xustificación da alta na Seguridade Social no período que se estableza na resolución de concesión.

i) Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego da empresaria ou empresario e do persoal traballador.

j) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, acreditativo do tempo de permanencia en desemprego, da empresaria ou empresario e do persoal traballador.

k) Se é o caso, documentos acreditativos da pertenza a algún dos colectivos de difícil inserción laboral.

l) Se é o caso, copia dos contratos de traballo das traballadoras e os traballadores.

m) Informe de Equal Compostela Social sobre a valoración no proxecto dos requisitos exixidos para formar parte do proxecto Equal.

n) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo o modelo do anexo IV, con indicación de que coñece as regras *de minimis* de acumulación de subvencións establecidas no Regulamento CE nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro).

ñ) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade bancaria acreditativa de que quen solicita é titular da conta, segundo o modelo do anexo V desta orde.

#### Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas pola comisión de avaliación, as resolucións serán ditadas polo director xeral de Promoción do Emprego, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións de concesión ou de denegación, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses que se computarán desde a data de presentación da totalidade da documentación no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra delas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución favorable conterá a referencia a que a Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, no marco da Iniciativa Comunitaria Equal II, cofinancia a axuda concedida nunha porcentaxe do 75 por cento.

#### Artigo 9º.-Xustificación do pagamento.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión,

da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

-Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a axuda.

-De non achegarse coa solicitude: alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda, alta no correspondente réxime da Seguridade Social do empresario ou empresaria e das traballadoras e traballadores.

-Documentos xustificativos da realización dos gastos obxecto da subvención e do seu efectivo pagamento.

-Declaración complementaria da establecida no artigo 7º, alínea n) do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos. Ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións.

#### Artigo 10º.-Axudas baixo as condicións *de minimis*.

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, polo tanto non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos no Regulamento CE nº 1996/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*. (DOUE L 379, do 28 de decembro).

#### *Disposición adicional*

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios ou as súas beneficiarias, respecto das resolucións de concesión, das que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2007.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo





ANEXO I


 UNIÓN EUROPEA  
 Fondo Social Europeo


EXPEDIENTE

PROCEDIMIENTO <b>PROGRAMA DE AXUDAS Á XERACIÓN DE ACTIVIDADE NO MARCO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR354A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF / NIF	
FORMA XURÍDICA		DATA DE CONSTITUCIÓN	DATA DE ALTANO IAE
DOMICILIO SOCIAL			Nº INSCRICIÓN SEGURIDADE SOCIAL
TELÉFONO	FAX	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE / CONCELLO			
PERCEPTOR PAGAMENTO ÚNICO PRESTACIÓN DESEMPREGO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			

**E na súa representación:**

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

**DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO			
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**DECLARA QUE:**

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non concorren as causas de exclusión previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- c) Autoriza a obtención dos certificados establecidos na base sétima.5ª do programa de axudas.
- d) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para inlúir e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros - Rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- e) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa paxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

**e SOLICITA:**

Que lle sexa concedida a axuda na cantidade máxima que proceda de acordo coas bases reguladoras da convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 26 de abril de 2007 pola que se convoca para o ano 2007 a concesión das axudas do programa á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.</i>	(A cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE LO/A REPRESENTA En _____, _____		

Director Xeral de Promoción de Emprego

## ANEXO II

PROGRAMA DE AXUDAS Á XERACIÓN DE ACTIVIDADE NO MARCO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL  
COMPOSTELA SOCIAL

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (BASE 8ª)  
(INDICAR CUN "X" A QUE SE PRESENTA)

- NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS, DOCUMENTO DE IDENTIDADE E PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR NO NOME DA SOCIEDADE DO REPRESENTANTE QUE ASINE A SOLICITUDE (BASE 8ª.a).
- DOCUMENTO DE IDENTIDADE E ACREDITACIÓN DO NIF, SE O SOLICITANTE É EMPRESARIO INDIVIDUAL, OU CIF, CANDO SE TRATE DE PERSOAS XURÍDICAS (BASE 8ª.b).
- NO CASO DE SOCIEDADES, ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E INSCRICIÓN NO REXISTRO MERCANTIL OU, SE É O CASO, NO REXISTRO DE COOPERATIVAS (BASE 8ª.c).
- ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU, DE SER O CASO, ALTA NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS NO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA OU, SE É O CASO, COMPROMISO DE ALTA NO PERÍODO QUE SE ESTABLEZA NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN (BASE 8ª.d).
- MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL E ESTUDO DE VIABILIDADE A TRES ANOS, NO MODELO NORMALIZADO QUE FIGURA COMO ANEXO III, OU PLAN DE EMPRESA QUE RECOLLA, CANDO MENOS, A MESMA INFORMACIÓN (BASE 8ª.e).
- DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA REALIZACIÓN DO GASTO E DO SEU EFECTIVO PAGAMENTO, OU NO SEU DEFECTO, FACTURAS PRO FORMA OU ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES QUE SE VAIAN TER EN CONTA PARA A CONCESIÓN DA AXUDA (BASE 8ª.f).
- ALTA NO CORRESPONDENTE RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL DO EMPRESARIO/A E DOS TRABALLADORES OU, SE É O CASO, COMPROMISO PARA A XUSTIFICACIÓN DA ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL NO PERÍODO QUE SE ESTABLEZA NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN (BASE 8ª.h).
- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS PERÍODOS DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO DO EMPRESARIO/A E OS TRABALLADORES (BASE 8ª.i).
- INFORME DA VIDA LABORAL DA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, ACREDITATIVO DO TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO DO EMPRESARIO/A E OS TRABALLADORES (BASE 8ª.j).
- SE É O CASO, DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERTENENZA A ALGÚN DOS COLECTIVOS DE DIFÍCIL INSERCIÓN LABORAL (BASE 8ª.k).
- SE É O CASO, COPIA DOS CONTRATOS DE TRABALLO DOS TRABALLADORES (BASE 8ª.l).
- INFORME DE EQUAL COMPOSTELA SOCIAL SOBRE A VALORACIÓN NO PROXECTO DOS REQUISITOS EXIXIDOS PARA FORMAR PARTE DO PROXECTO EQUAL (BASE 8ª.m).
- DECLARACIÓN COMPRESIVA DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE, ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTES PÚBLICOS, SEGUNDO O MODELO DO ANEXO IV DESTA ORDE, CON INDICACIÓN DE QUE COÑECE AS REGLAS *DE MINIMIS* DE ACUMULACIÓN DE SUBVENCIONS ESTABLECIDAS NO REGULAMENTO CE 1998/2006 DO 15 DE DECEMBRO (BASE 8ª.n).
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA SEGUNDO O MODELO ANEXO VI DESTA ORDE (BASE 8ª.ñ).

\* A documentación exixida na base 8ª ten que presentarse xunto coa solicitude.

## ANEXO III

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL

## 1. DATOS PERSOAIS (CUBRIRANO TODOS/AS PROMOTORES/AS)

EXPEDIENTE

## PROMOTOR 1

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO AO PROGRAMA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL	

## PROMOTOR 2

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO AO PROGRAMA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL	

## PROMOTOR 3

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO AO PROGRAMA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL	

## PROMOTOR 4

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO AO PROGRAMA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL	

## 2. DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

## 2.1. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

--

## 2.2. DATOS DO PROXECTO

NOME DA EMPRESA		CIF / NIF		
FORMA XURÍDICA	DATA PREVISTA DE INICIO DAS ACTIVIDADES			
DOMICILIO SOCIAL		PROVINCIA		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE / CONCELLO	TELÉFONO	FAX	EPIGRAFE IAE

## 2.3. CREACIÓN DE EMPREGO

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO CREADOS	INDÍQUESE COLECTIVO (MAIORES 45, DISCAPACITADOS, MULLERES ...)
<input type="checkbox"/> Socios promotores <input type="text"/> <input type="checkbox"/> Non socios <input type="text"/>	

3. PLAN ECONÓMICO FINANXEIRO  
PLAN DE INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO INICIAL

CONCEPTO	CUSTO	IVE	TOTAL
Gastos de constitución e posta en marcha			
Patentes e marcas			
Fondo de comercio			
Derechos de traspaso			
Aplicacións informáticas			
Terreos			
Locais e edificacións			
Gastos de acondicionamento			
Elementos de transporte			
Maqunaria e instalacións			
Equipamentos informáticos			
Mobiliario			
Ferramentas e outros útiles			
Depósitos e fianzas constituídas			
Materias primas e mercaderías			
Provisión de fondos			
TOTAL INVESTIMENTO			

CONCEPTO	CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN		COTA ANUAL
	A AMORTIZAR	ANOS	
Gastos de constitución	0,00 €		0,00 €
<b>Amortización de gastos</b>	0,00 €		0,00 €
Derechos de traspaso	0,00 €		0,00 €
Aplicacións informáticas	0,00 €		0,00 €
Otro e inmovilizado inmaterial	0,00 €		0,00 €
<b>Amortización de inmovilizado inmaterial</b>	0,00 €		0,00 €
Locais e edificacións	0,00 €		0,00 €
Gastos de acondicionamento	0,00 €		0,00 €
Elementos de transporte	0,00 €		0,00 €
Maqunaria e instalacións	0,00 €		0,00 €
Equipamentos informáticos	0,00 €		0,00 €
Mobiliario	0,00 €		0,00 €
Ferramentas e outros útiles	0,00 €		0,00 €
<b>Amortización de inmovilizado material</b>	0,00 €		0,00 €
TOTAL COTA AMORTIZACIÓN ANUAL	0,00 €		0,00 €

PLAN DE FINANCIAMENTO		IMPORTE
CONCEPTO		
Abeugas doos socios		
Préstamos		
Subvencións		
Outros		
TOTAL		

CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	ANOS
<b>Ingresos</b>			
Vendas ou prestación de servizos			
Outros ingresos			
<b>Gastos variables</b>			
Gastos por compras			
Outros gastos variables			
<b>Gastos de personal</b>			
Anticipos dos socios			
Saldos e salarios			
Seguridade Social			
<b>Servizos exteriores</b>			
Aluguer			
Materiais de oficina			
Ss. profesionais independentes (asesoría, ...)			
Primas de seguros			
Subministracións (auga, electricidade, gas, ...)			
Gasto teléfono			
Publicidade, imprenta, propagand, ...			
Transportes			
Servizos bancarios			
Cota de leasing / renting			
Reparacións, conservación e outros			
<b>Tributos</b>			
IAE			
Lixo			
<b>Gastos financeiros</b>			
Outros (desconto, tarxetas, ...)			
<b>INGRESOS - GASTOS</b>			
Amortización do inmovilizado			
<b>BAIT</b>			
Xuros do préstamo			
<b>BAIT</b>			
Imposto sobre beneficio			
<b>BENEFICIO NETO</b>			



ANEXO IV

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

	EXPEDIENTE				
PROCEDIMIENTO		COMPLAZO/PROCEDIMIENTO			
<p>D/D<sup>a</sup> _____ con DNI nº _____</p> <p>en nome e representación da entidade _____</p> <p>con NIF/CIF nº _____ en calidade de _____</p>					
<p><b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:</b></p> <p>a) Que coñece as regras de mínimos de acumulación de subvencións establecidas no Regulamento CE nº 1998/2006, do 15 de decembro.</p> <p>b) Que, para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:</p>					
<b>AXUDAS CONCEDIDAS:</b>					
ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MÍNIMOS <sup>(1)</sup>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
<b>AXUDAS SOLICITADAS:</b>					
ANO	ORGANISMO	IMPORTE	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MÍNIMOS <sup>(1)</sup>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
					SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
<p>Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obtenda para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.</p> <p>É, para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.</p> <p style="text-align: right;">En _____, _____ de _____ de _____</p> <p style="text-align: right;">(Sinatura e selo da entidade)</p>					

DESTINO DA AXUDA		BASE IMPONIBLE	% IVE	IMPORTE
<b>MERCADORÍAS INICIAIS</b>				
Primeiras compras de mercadorías	0,00 €			
Compras de materias primas	0,00 €			
Outros consumibles utilizados no proceso de produción	0,00 €			
<b>GASTOS DO LOCAL</b>				
A lugar do local	0,00 €			
Acondicionamento do local	0,00 €			
Mobiliario e equipamento	0,00 €			
<b>PRIMAS DE SEGUROS E COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL</b>				
Civil	0,00 €			
Raibo	0,00 €			
Incendio	0,00 €			
Outros	0,00 €			
Cotas á Seguridade Social dos promotores	0,00 €			
Cotas á Seguridade Social dos asalariados	0,00 €			
<b>SUBMINISTRACIÓNS</b>				
Auga	0,00 €			
Luz	0,00 €			
Telefone	0,00 €			
Gasóleo	0,00 €			
Material oficina	0,00 €			
Outros gastos	0,00 €			
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>				

## ANEXO V

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE			
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO			
TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<b>CERTIFICO:</b>			
Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.			
En			
SINATURA DO/A SOLICITANTE		SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA	

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 13 de abril de 2007 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro do convenio para o financiamento aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia, financiados mediante a liña ICO-PEME 2006 iguais ou superiores aos 3.000 euros de subvención.*

Mediante Resolución do 6 de abril de 2006 publicouse o convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades de crédito para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados mediante a liña ICO-PEME 2006 (DOG nº 73, do 17 de abril). Este convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade financeira e o Igape coa finalidade de establecer unha liña de subsidiación ao financiamento obtido polas pequenas e medianas empresas mediante a liña ICO-PEME 2006.

Na súa cláusula 7.6 establece que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas

concedidas ao abeiro do dito convenio iguais ou superiores aos 3.000 euros de subvención.

Estas axudas serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.E5/10/01.656700 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

En virtude do exposto anteriormente,

### RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios, que figura como anexo, das axudas concedidas ao abeiro do convenio para o financiamento aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados mediante a liña ICO-PEME 2006 iguais ou superiores aos 3.000 euros de subvención, durante o primeiro trimestre de 2007.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2007.

José Antonio Delgado Arce  
Director xeral do Instituto Galego  
de Promoción Económica